

**A VIGOROSA VOLTA DO XOGO TRADICIONAL:
UNS 100 ENSINANTES DE TODO GALICIA REÚNENSE ESTA FIN DE
SEMANA EN MELIDE PARA APRENDER A RECUPERAR OS XOGOS
TRADICIONAIS NAS ESCOLAS**

- **O I CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: O XOGO TRADICIONAL, PERSPECTIVA EDUCATIVA**, terá lugar esta fin de semana nas instalacións do CEIP “Mestre Pastor Barral” de Melide.
- **O Curso está organizado pola ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL (AGXPT) –entidade nacida para a divulgación do patrimonio lúdico- e por NOVA ESCOLA GALEGA –movemento galego de renovación pedagóxica-.**
- **Galicia é un país enormemente rico en xogos, á par do País Vasco e de Navarra, e na última década estase asistindo a un proceso vigoroso de recuperación desde diferentes ópticas –deportivos, culturais, administrativos...-, pero tamén desde o ámbito escolar.**
- **O Curso compaxinará a análise teórica do xogo tradicional galego coa práctica duns trinta xogos de sempre, e pretende dotar aos ensinantes asistentes de estratexias que permitan recuperar o patrimonio lúdico en todos os centros educativos galegos.**
- **O interese que o tema esperta entre os profesionais da educación é evidente se se ten en conta que unhas 30 persoas non poderán asistir ao Curso por térense esgotado as prazas ofertadas.**

Melide, 1 de outubro de 2009

As instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria “Mestre Pastor Barral” acollerán durante esta fin de semana, desde a tarde do venres 2, ata a noite do sábado, 3 de outubro, o I CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: OS XOGOS TRADICIONAIS, PERSPECTIVA EDUCATIVA. O Curso está dirixido a profesionais da educación de todo o país e contará coa asistencia dunhas 100 persoas, un número moi superior aos 60 participantes previstos inicialmente, e iso a pesar de que unhas 30 solicitudes de participación foron rexeitadas por razóns fundamentalmente de espazo e de operatividade. Algúns asistentes participarán aínda a sabendas de que non poderán recibir certificación oficial.

O Curso está organizado polo movemento de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA e pola ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL (AGXPT). Para a AGXPT, entidade nacida por e para a divulgación do patrimonio lúdico galego e formada por profesionais de diferentes ámbitos laborais, o Curso representará a actividade de divulgación número 169 das desenvolvidas desde a súa fundación no ano 2003. Con el, preténdese cubrir un oco existente nos programas oficiais de formación do profesorado, que só nalgunha época concreta ofreceron algunhas actividades de formación sobre o xogo tradicional.

Galicia é un país enormemente rico en xogos. No conxunto da Península, atópase nos primeiros lugares en canto ao número e á vixencia das súas prácticas lúdicas tradicionais, a carón do País Vasco, de Navarra e da propia Portugal. Nos últimos anos,

son constantes as iniciativas de recuperación do xogo tradicional que teñen xurdido por todo o país, tanto desde a perspectiva deportiva –é o caso dos birlos ou da chave, por exemplo-, como desde outros ámbitos, entre eles o escolar. En efecto, son numerosos xa os centros educativos galegos que contemplan entre os seus proxectos, planos de recuperación dos xogos de cada zona. O xogo tradicional contén en si mesmo moitos elementos educativos que non se deben desaproveitar, constituíndo este feito un motivo máis para a súa recuperación e práctica, e por iso tamén o Curso tentará achegar propostas para traballar na aula os contidos curriculares a través do xogo tradicional.

Os procesos de recuperación do patrimonio lúdico son comúns a toda a nosa contorna europea próxima, onde existen tamén infinidade de proxectos de recuperación articulados a maior parte deles a través da ASOCIACIÓN EUROPEA DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS, entidade na que a AGXPT está integrada a través de Brinquedia, a Rede Galega do Xogo Tradicional.

O Curso compaxinará as sesións teóricas coa práctica dunha mostra significativa de xogos tradicionais. Especificamente, desenvolverase tamén un obradoiro sobre xogos tradicionais musicados. Todas as sesións serán dirixidas por persoal da AGXPT, agás a conferencia de clausura, que será pronunciada por un dos máis recoñecidos especialistas galegos na materia, o profesor ANTÓN CORTIZAS AMADO. Antón Cortizas é autor, ademais dunha inxente obra narrativa, da monumental enciclopedia dos xogos populares galegos titulada *Chirlomirlos* (edicións Xerais) e ten na actualidade no prelo unha tamén monumental enciclopedia sobre os xoguetes tradicionais que vai recibir o título de *Tastarabás*. Na súa disertación tratará de tirar conclusións sobre o emprego didáctico e educativo do xogo tradicional a partir, tamén, do desenvolvemento do propio Curso.

Achéganse algunhas fotografías relativas ao xogo tradicional e o programa do Curso.

Foto 1. Un dos participantes do III Campionato de Tirapedras organizado pola AGXPT en Melide este verán.

Foto 2. Lanzamento, por parte do membro da AGXPT Manolo Charrancas, do peón máis pequeno do mundo na III Mostra de Xogos Tradicionais de Santalla – A Pontenova, tamén este verán.

O CURSO SOBRE O XOGO TRADICIONAL CELEBRADO EN MELIDE RECLAMA A ATENCIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO GALEGO

UNS 100 ENSINANTES DE TODO GALICIA REUNÍRONSE A FIN DE SEMANA PASADA EN MELIDE PARA APRENDER A RECUPERAR OS XOGOS TRADICIONAIS NAS ESCOLAS

- **Reclamar do goberno galego a posta en marcha de iniciativas de recuperación do noso patrimonio lúdico, foi unha das principais conclusións do I CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: O XOGO TRADICIONAL, PERSPECTIVA EDUCATIVA, que tivo lugar a fin de semana pasada nas instalacións do CEIP “Mestre Pastor Barral” de Melide.**
- **Nomeadamente, os 100 ensinantes asistentes á actividade lembran a existencia dun Plan Estratéxico dos Xogos e Deportes Populares e Tradicionais, actualmente pendente de execución.**
- **O Curso valorou tamén a necesidade de recuperar os espazos e os tempos de xogo, para que o patrimonio lúdico tradicional poida ser transmitido plenamente ás novas xeracións.**
- **Galicia é un país enormemente rico en xogos, á par do País Vasco e de Navarra, e na última década estase asistindo a un proceso vigoroso de recuperación desde diferentes ópticas –deportivas, culturais, administrativas...-, pero tamén desde o ámbito escolar.**
- **Os xogos tradicionais galegos teñen un valor en si mesmo como manifestación cultural xenuína dos galegos e das galegas, pero tamén como ferramenta educativa, unha vertente esta apenas descuberta aínda.**
- **O Curso estivo organizado pola ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL (AGXPT) –entidade nacida para a divulgación do patrimonio lúdico- e por NOVA ESCOLA GALEGA –movemento galego de renovación pedagóxica-.**

Melide, 7 de outubro de 2009

As instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria “Mestre Pastor Barral” acolleron durante esta fin de semana, desde a tarde do venres 2, ata a noite do sábado, 3 de outubro, o I CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: OS XOGOS TRADICIONAIS, PERSPECTIVA EDUCATIVA. O Curso estivo dirixido a profesionais da educación de todo o país e contou coa asistencia dunhas 100 persoas, un número moi superior aos 60 participantes previstos inicialmente, e iso a pesar de que unhas 30 solicitudes de participación foron rexeitadas por razóns fundamentalmente de espazo e de operatividade. Algúns asistentes participaron aínda a sabendas de que non poderán recibir certificación oficial por térense excedido as prazas solicitadas á administración educativa.

O Curso compaxinou as sesións teóricas coa práctica dunha mostra significativa de xogos tradicionais. Todas as sesións foron dirixidas por persoal da AGXPT, agás a conferencia de clausura, que foi pronunciada por un dos máis recoñecidos especialistas galegos na materia, o profesor ANTÓN CORTIZAS AMADO.

Reprodúcese a continuación o documento de conclusións do Curso:

Sobre o patrimonio lúdico galego e a súa posta en valor

1. Recoñécese unha “dobre visión” do xogo. Por unha parte o xogo ten un valor por si mesmo, como o teñen outros elementos ou manifestacións da cultura popular (lingua, arquitectura, etc.) que forman parte da nosa armazón cultural. Pero tamén ten un gran valor educativo, e por iso debe ser introducido no ámbito da escola, tanto nas programacións das diferentes disciplinas (ou en proxectos interdisciplinares) coma en actividades extra-curriculares (dinamización de recreos, por exemplo).
2. Se somos quen de poñer en valor os xogos populares e tradicionais conseguiremos achegar un anaco máis de saber á cultura popular galega. O xogo é algo “serio” e a súa difusión, un traballo en prol do que é máis de noso.
3. Resulta fundamental a recuperación dos espazos (na cidade, na vila, na aldea...) onde integrar e recuperar os nosos xogos e que hoxe case non existen. O xogo popular non é unha actividade “esixente” en canto a recursos (todo o contrario, máis ben), pero si precisa dun espazo axeitado ao aire libre que cumpra certos requisitos.
4. É preciso que se convoquen foros de formación e de debate sobre os xogos populares e tradicionais, tendo en conta todos e cada un dos aspectos que permitan analizalos na súa globalidade. Faise necesaria tamén a convocatoria de encontros onde sexa posible, realmente, aprender a practicalos coa debida demora.
5. As institucións públicas, e nomeadamente o goberno galego desde diferentes chanzos, teñen un papel reservado de suma importancia no deseño e dinamización dos procesos de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico. O Plan Estratéxico dos Xogos e Deportes Populares e Tradicionais antóllase como unha ferramenta de enorme utilidade se é plenamente desenvolvido.

Sobre o patrimonio lúdico galego do punto de vista específico da escola

6. Obsérvase a necesidade dunha presenza (de índole práctica) do xogo popular e/ou tradicional dentro do sistema educativo regrado.
7. Saliéntase o seu valor como elemento motivador para a socialización, e tamén como base ou referencia para aprendizaxes máis complexas.
8. Outro dos grandes valores educativos do xogo popular e tradicional ten que ver con que os materiais (caso de se precisar) proceden do contorno. Ese é un camiño que se opón con éxito ao consumismo imperante, e ademais combate con eficacia unha certa tendencia “facilitadora” que padecemos e que consiste en converter aos nenos e nenas en meros receptores de formas de ocio onde todo se lles dá feito. Os xogos populares e tradicionais –e mais os xoguetes- espertan a creatividade.
9. Sería desexable que, na práctica nos centros educativos, o xogo popular e tradicional axudase a rachar coa discriminación por razón de sexo. Os xogos

foron, nalgún tempo, máis propios de nenos ou nenas en función duns condicionamentos socioeconómicos que agora xa non se dan. Agora é o momento de coeducar, tamén a través do xogo popular e tradicional.

10. Nos procesos de recuperación do patrimonio lúdico desde o ámbito escolar, as familias teñen reservado un papel extremadamente importante, tanto como fornecedoras de información como na súa función de axentes directos de dinamización. Precisamente por iso non poden ser obviadas no deseño deses procesos.

Achéganse dúas fotografías relativas ao desenvolvemento do Curso.

Foto 1. Un momento dunha das sesións teóricas das que constou o Curso.

Foto 2. Un momento do desenvolvemento do obradoiro de xogos musicados.